

O XÉNERO NARRATIVO (I)

Pertencen ao xénero narrativo aqueles textos nos que unha voz narradora conta unha historia real ou ficticia que lle acontece a uns personaxes nun tempo e un espazo.

Os textos narrativos normalmente están escritos en prosa e esta é a súa estrutura máis común:

- Presentación: introdúcense os personaxes, o tempo e o espazo.
- Nó: desenvólvese o conflito.
- Desenlace: resólvese o conflito.

Dentro das narracións atopamos diferentes tipos de textos. Así, os principais subxéneros narrativos son:

- A novela: orixe culta > máis extensa e complexa.
- O conto: orixe popular > máis breve e sinxelo.
- Outros: fábula, lenda...